

Acto de investidura  
como doutores *honoris causa*  
da **Prof.<sup>a</sup> Dr.<sup>a</sup> D.<sup>a</sup> Mary Beard**  
e do **Prof. Dr. D. Ivo Castro**

31 de marzo de 2023

2023

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



# Protocolo

## Procesión da comitiva académica

### Desenvolvemento do acto

#### INVESTIDURA DA PROF.<sup>a</sup> DR.<sup>a</sup> D.<sup>a</sup> MARY BEARD

Pedimento	Padriño, Prof. Dr. D. Pedro López Barja de Quiroga
Lección doutoral	Prof. <sup>a</sup> Dr. <sup>a</sup> D. <sup>a</sup> Mary Beard
<i>Laudatio</i>	Padriño, Prof. Dr. D. Pedro López Barja de Quiroga
Concesión	Sr. Reitor
Imposición da esclavina, a borla, o anel e entrega do libro	Padriño, Prof. Dr. D. Pedro López Barja de Quiroga
Toma de xuramento	Sra. Secretaria Xeral
Imposición da medalla	Sr. Reitor
Agradecemento	Prof. <sup>a</sup> Dr. <sup>a</sup> D. <sup>a</sup> Mary Beard

#### INVESTIDURA DO PROF. DR. D. IVO CASTRO

Pedimento	Padriño, Prof. Dr. D. Henrique Monteagudo
Lección doutoral	Prof. Dr. D. Ivo Castro
<i>Laudatio</i>	Padriño, Prof. Dr. D. Henrique Monteagudo
Concesión	Sr. Reitor
Imposición da esclavina, a borla, o anel e entrega do libro	Padriño, Prof. Dr. D. Henrique Monteagudo
Toma de xuramento	Sra. Secretaria Xeral
Imposición da medalla	Sr. Reitor
Agradecemento	Prof. Dr. D. Ivo Castro


### Discurso do Sr. Reitor

*Gaudeamus igitur*

## Procesión de saída

## Viño de honra







## Mary Beard



**MARY BEARD**, catedrática emérita en Cambridge e Fellow do Newnham College, é un dos nomes máis afamados do mundo no estudo do universo clásico. Foi profesora en Cambridge ao longo de máis de corenta anos e contribuíu enormemente á divulgación do mundo clásico mediante os seus libros, documentais e colaboracións nos medios de comunicación, incluíndo as redes sociais. É moi activa en Twitter e escribe un blog online, *A Don's Life*, sobre a vida académica en Cambridge, desde 2006, moito antes de que este formato se convertese nun medio popular para a comunicación dos académicos co público.

Mary Beard naceu en Much Wenlock, Shropshire, filla única dunha nai mestra de escola e un pai arquitecto. O seu interese polo mundo antigo naceu pouco máis tarde, cando tiña apenas cinco anos, durante unha visita ao Museo Británico, cando quedou fascinada ante un anaco de pan carbonizado, ata o punto de que o vixiante do museo sacouno da vitrina para que ela puidese velo. Foi un momento máxico que non só impulsou a súa paixón pola historia senón tamén o seu amor aos museos, pois dáse a circunstancia de que agora Mary Beard pertence ao padroado do Museo Británico. Ao rematar a súa licenciatura e doutoramento en Newnham College, Cambridge, obtivo o seu primeiro contrato como profesora no King's College London; despois, regresou á Facultade de Clásicas en Cambridge, onde apenas había unas poucas mulleres naqueles anos, ata obter a cátedra en 2004. O seu inicial interese científico pola relixión romana ampliouse ata abranguer o mundo antigo na súa totalidade, tanto a vida política como a social e cultural, desde os situados máis arriba na sociedade, até o cidadán común, a miúdo ausente nas fontes escritas. O seu libro *Pompeia. Historia e lenda dunha cidade romana* estuda a documentación dispoñible para mostrar como vivían os seus habitantes, no canto de centrarse no relato da erupción. Os seus libros sobre o Coliseo e o Partenón incorporan igualmente moitos aspectos da vida cotiá. Pola súa banda, *SPQR. Unha historia da antiga Roma*, publicado en 2015, causou un enorme impacto no seu momento e segue sendo un éxito de vendas.



Foi traducido a decenas de idiomas e converteu a Mary nun nome familiar para moitos, de onde xurdiron as invitacións para impartir conferencias en todo o mundo. Veu a continuación *Mulleres & Poder, un manifesto*, eloxiado pola crítica, que tivo a súa orixe nunha conferencia sobre as mulleres silenciadas durante dous milenios e que interpelaba unha nova xeración de mulleres sinalando: «Non podes facer encaixar facilmente as mulleres nunha estrutura cuxo código é masculino; tes que cambiar a estrutura».

Mary mantivo a súa actividade como investigadora en paralelo aos seus libros máis populares e accesibles, e impartiu varios prestixiosos ciclos de conferencias, como as Sather, na universidade de California, Berkeley, as Mellon na Galería Nacional de Washington e a conferencia Isaiah Berlin, na Academia Británica, da que ela é membro. Outros recoñecementos inclúen a Academia Americana e a Sociedade Filosófica Americana. Obtivo a prestixiosa Medalla Getty e o premio Princesa de Asturias de Ciencias Sociais no 2016. Así mesmo, foille concedida a Orde do Imperio Británico (OBE nas súas siglas inglesas) na lista de honras da Raíña Isabel II en 2013, ao que seguiu a súa designación como Dama polos seus servizos á investigación sobre o mundo clásico. Recentemente, foille concedida a distinción, que se remonta á época medieval, da Liberdade da Cidade de Londres, esencialmente honorífica, pero que a autoriza a facer cruzar as súas ovellas pola ponte de Londres, se así o quixese. Xunto cunha extensa listaxe de publicacións, Mary Beard tivo tamén unha exitosa carreira nos medios de comunicación. Preparou varios documentais sobre o mundo antigo, incluíndo as series da BBC, de enorme éxito, *Meet the Romans* e *Rome. Empire without Limit*, así como programas sobre as vidas de Calígula e Xulio César. Foi presentadora do programa da BBC *Inside Culture* durante varios anos, en especial durante o confinamento, cando tivo mesmo que aprender algo sobre manexo de cámara, iluminación e editado de imaxes. Explorou os límites da arte a través da historia en dous documentais moi aclamados, *Forbidden Art*, e foi presentadora da innovadora serie da BBC *Civilisations*, para a que escribiu un libro complementario. Aparece regularmente como comentadora en varios programas de radio e televisión, sobre unha gran variedade de temas, desde a historia á arte ou a política e hai xa moitos anos que é redactora da sección sobre o mundo clásico no *Times Literary Supplement*. Un aspecto central da concepción que Mary Beard ten da historia é que non se trata dunha disciplina rixida: «Unha das cousas maravillosas que ten a historia é que xamais é algo pechado, por dicilo así. Os textos históricos e outras fontes que utilizamos sempre nos achegan respostas distintas porque dalgunha maneira as preguntas que facemos son distintas». A algunhas destas cambiantes preguntas dedícalle Mary Beard o seu novo libro, *Emperor of Rome*, que será publicado o próximo outono.



## Pedro López Barja



**PEDRO LÓPEZ BARJA DE QUIROGA** tivo nalgún momento a tentación de verse a si mesmo como profesor de literatura española no ensino medio pero o certo é que na adolescencia lle chegou a vocación pola historia. Coursou a licenciatura en Xeografía e Historia, con especialidade en Historia Antiga, na Universidade Complutense de Madrid e alí tamén defendeu a súa tese doutoral (1989), que tratou sobre o que debería converterse nun dos eixos da súa carreira académica: a escravitude romana, cunha énfase especial posto na fascinante información que nos proporcionan as inscricións de Ostia, o porto de Roma. Despois, en 1991, trasladouse a Compostela, onde reorientou a súa investigación para estudar o pensamento político antigo, en especial, o romano da Tardía República, con Cicerón no centro. Na USC converteuse primeiro en profesor titular (1994) e logo catedrático (2022).

Sobre a escravitude versa a súa monografía de 2008, a *Historia de la manumisión en Roma. De los orígenes a los Severos*, na que ocupa un papel importante a documentación xurídica, a cal, debido á separación en áreas de coñecemento, foi tradicionalmente postergada polos historiadores para non perturbar o couto pechado dos romanistas. No segundo eixo de investigación, o pensamento político antigo, atópase *Imperio legítimo. El pensamiento político romano en tiempos de Cicerón*, onde se mostra a maneira en que se abordou o debate ao redor da propiedade e a xestión dos ingresos públicos, un debate crucial no proceso de crise que alumou o principado de Augusto. Sobre a república tardía tratan as súas dúas obras máis recentes: *Julio César. Muerte de una república* (2020), escrita en colaboración, que é unha biografía do ditador, e *Entre tiranos. La guerra civil de César* (2021), estudo da guerra civil desde a perspectiva dun dos seus protagonistas, isto é, o relato inmediato e vivo que nos conservan as cartas de Cicerón.


Realizou estancias de investigación en Oxford (Wolfson College), durante os tormentosos meses da guerra de Iraq, e en Londres (University College),



coincidindo neste último caso co referendo do Brexit. O historiador sempre escribe desde o presente, nun diálogo imperfecto cun pasado, máis ou menos afastado. Consciente de que o historiador non debe falar só aos seus colegas científicos, colaborou en revistas orientadas ao público xeral e escribiu dous manuais universitarios: *Epigrafía latina* (1993) e, en coautoría, *Historia de Roma* (2004), así como unha versión simplificada deste último para o formato podcast. Desempeñou diversos cargos na universidade compostelá, entre eles o de coordinador do máster en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, así como tamén do grupo de investigación Síncrisis. Investigación en formas culturais. Nesta intersección entre o historiador científico social, que analiza, conta e mide, e o humanista, que describe os pensamentos e as emocións, transcorrerán os próximos anos da súa carreira académica.











## Ivo Castro



**Ivo CASTRO** naceu en Lisboa en 1945. A súa vida profesional decorreu enteiramente na Facultade de Letras da Universidade de Lisboa, na cal estudou, se formou e ensinou durante 44 anos, e aínda catro máis após a súa xubilación en 2013. Licenciouse en Filoloxía Románica en 1969, doutorouse en Lingüística Portuguesa en 1984 e superou as probas de Agregación en 1993. Contratado como Asistente en 1969, foi sucesivamente profesor auxiliar, titular, catedrático e emérito. Foi tamén profesor visitante na Universidade Federal do Rio de Janeiro e mais nas universidades de Macau, Santiago de Compostela e Trier. Ademais, é académico correspondente da Academia Finlandesa de Ciencias e Letras, da Real Academia Galega e da Academia Maranhense de Letras.

Iniciou a carreira docente ensinando Lingüística Xeral e Lingua Portuguesa para Estranxeiros. A partir de 1974 frecuentou a École Practique des Hautes Études de París como preparación do doutoramento e pasou a dedicarse a materias de natureza filolóxica. Así, promoveu a especialización diferenciada –tanto conceptual, como aplicada nos planos do ensino, da investigación e da publicación– da Lingüística Histórica e da Crítica Textual, con reflexos na estrutura curricular de cursos, na orientación de disertacións e na formulación de proxectos de investigación.

Por un lado, en 1974 creou a cadeira de Historia da Lingua Portuguesa, que rexeu durante moitos anos, ben como outras cadeiras e seminarios de perfil diacrónico, quer de licenciatura, quer de pos-grao. Por outro lado, a nivel de pos-grao, creou un curso de especialización para Técnicos Editoriais, despois replicado noutras universidades, que máis tarde foi continuado co establecemento do Curso de Crítica Textual (mestrado e doutoramento) da Facultade de Letras da Universidade de Lisboa, que procura combinar prácticas editoriais coa visión dunha disciplina autónoma consagrada á produción e reprodución do texto escrito e gráfico. Neste cadro diversificado orientou na devandita Facultade e noutras escolas case medio cento de disertacións, metade das cales de doutoramento.



Ademais de dedicar varios traballos específicos ao galego e á súa relación co portugués (como *Galegos e mouros: a lingua galega vista pelos filólogos portugueses*), Ivo Castro foi un perseverante e eficaz facilitador dos contactos académicos galego-portugueses.

Na Universidade de Lisboa exerceu, entre outros, os cargos de Director da Cátedra de Estudos Galegos, Director da Biblioteca da Facultade de Letras, Presidente do Departamento de Lingüística Xeral e Románica, Director do Centro de Lingüística, Director da Área de Ciencias da Linguaxe e Presidente da Asemblea da Facultade de Letras. Tamén detivo outras relevantes responsabilidades, como Conselleiro do Bureau da Sociéte de Linguistique Romane, Membro do Consello Consultivo do Instituto Camões, Consultor do Instituto Camões nas cimeiras da Comunidade de Países de Língua Portuguesa de Lisboa (2008) e Brasília (2010), e Presidente da comisión organizadora da II Conferencia Internacional sobre o Futuro da Língua Portuguesa no Sistema Mundial (2013). Ademais, desde 1997 é membro do Consello Editorial da Imprensa Nacional-Casa da Moeda, a editora de Estado de Portugal. No ámbito da transferencia do coñecemento, cómpre resaltar o comisariado, en solitario ou en colaboración, de varias exposicións importantes, como a titulada «O Tempo da Língua» (2001), a primeira versión da exposición permanente do célebre Museu da Língua Portuguesa (São Paulo, 2006), ou «Lusa, a matriz portuguesa» (Rio de Janeiro, Brasília, São Paulo, 2008).

Os seus traballos inscríbense, na súa meirande parte, nas súas dúas principais liñas de investigación, a historia da lingua portuguesa e a edición de textos, ás que se podería engadir a política da lingua, con títulos tan significativos como *A demanda da ortografía portuguesa* (1987) ou a *Proposta de convenção ortográfica Mirandesa* (1995). As súas obras máis difundidas insírense na primeira das liñas anteditas: *Curso de história da língua portuguesa* (1991) e *Introdução à história do português* (2004, 2006, con traducións ao italiano e ao castelán). Con todo, a edición de textos portugueses de todas as épocas constituíu a súa dedicación máis constante. A este ámbito corresponden unha boa parte da trintena de libros e dos 130 artigos e capítulos que leva publicados, sen contar as edicións dixitais e as presentacións virtuais. No ámbito dos estudos medievais salienta a atención á «materia de Bretaña», con obras como o estudo do *Livro de José de Arimateia*, tema da súa tese de doutoramento. Porén, co tempo, o foco dos seus intereses concentrouse nos textos contemporáneos de autores como o filólogo José Leite de Vasconcellos ou o narrador Camilo Castelo Branco. O cume do seu currículo é a dirección da edición crítica da obra de Fernando Pessoa, á que leva dedicado catro décadas.





## Henrique Monteagudo



**HENRIQUE MONTEAGUDO** é catedrático de Filoxías Galega e Portuguesa da Universidade de Santiago de Compostela, investigador do Instituto da Lingua Galega, director da revista *Grial*, coordinador do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega e vicesecretario desta. Foi profesor asistente na Universidade de Birmingham (Reino Unido) e convidado nas universidades de Coimbra, Lisboa (UL), City University of New York (CUNY), University of California –Santa Barbara (UC-SB), São Paulo (USP), Federal Fluminense (UFF), Buenos Aires (UB) e Universidad de la República (Montevideo). Foi secretario do Consello da Cultura Galega e da Real Academia Galega, membro do consello de redacción de *Estudos de Lingüística Galega* e investigador externo do Centro de Estudos de Linguística Geral e Românica da Universidade de Coimbra. Forma parte da redacción do *Boletín da Real Academia Galega*, do consello asesor da editorial brasileira Parábola e do comité científico de varias publicacións.

Nas súas pesquisas tocou temas de historia da lingua e de sociolingüística e editou textos de distintas épocas. Publicou as monografías *Historia social da lingua galega; Letras primeiras. O foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito* e *O idioma galego baixo o franquismo: da resistencia á normalización*. Dirixiu o proxecto *O proceso de normalización do idioma galego, 1980-2000* (3 volumes), e os estudos *A(s) lingua(s) a debate; Lingua e sociedade en Galicia. A evolución sociolingüística 1992-2013; Mapa Sociolingüístico escolar de Ames* e *Prácticas lingüísticas na infancia: a xestión lingüística nos primeiros contextos de socialización*.

É (co-)editor dos volumes *Estudios de sociolingüística galega; Norma lingüística e variación; Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade; Galego e portugués brasileiro: historia, variación e mudanza; Linguas, sociedade e política. Un debate multidisciplinar; Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos*





e consecuencias; *Ao sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro*; *No tempo das Irmandades: fala, escrita e prelos*; *Lingüística galega. A contribución do Instituto da Lingua Galega (LaborHistórico)*; *Medieval Galicia: Beyond the «Camiño» (Journal of Medieval Iberian Studies)* e mais da colectánea *De Roma ata Lixboa. Estudos sobre os cancioneiros galego-portugueses*, de Elsa Gonçaves.

Tamén é director do proxecto «Obras de Martín Sarmiento», responsable do seu espazo web, co-autor da *Guía de fondos* deste autor e mais editor do *Catálogo de algunos libros curiosos y selectos* e do tratado *De historia natural y todo género de erudición. Obra de 660 pliegos* (5 volumes). Como editor de textos, deu a prelo as *Cantigas de Martín Codax*, o facsímile do códice de Toledo das *Cantigas de Santa María* de Afonso O Sabio, as edicións críticas de *Follas novas* e dos *Autógrafos poéticos* de Rosalía de Castro, e de *Sempre en Galiza* e os *Cadernos. Escolma* (1938-1948) de Castelao, de quen, ademais, coordinou a edición das *Obras* (6 volumes). Igualmente, editou *A romaría de Xelmírez*, de Ramón Otero Pedrayo e *A linguaxe e as linguas*, de Ramón Piñeiro, ademais das coleccións *O espertar da conciencia galega. Galeguismo, cultura e identidade*, deste último, e *O expreso da literatura e outros ensaios*, de Carlos Casares.









# Tradición e modernidade

A Universidade de Santiago de Compostela proxecta sobre o futuro o seu medio milenio de historia. Afundindo as súas raíces na Europa renacentista, soubo evolucionar co tempo e converterse nunha das institucións que conformaron a identidade de Galicia. A comezos do século XXI, a súa vocación divulgadora do coñecemento e promotora da investigación convertérona en referencia mundial en eidos como a medicina, a biotecnoloxía, as humanidades ou a innovación científica.

O xermolo da Universidade sitúase nos remates do século XV, cando en Europa se difundía incesante a nova técnica da impresión de libros que había de revolucionar o mundo. En 1495, un rexedor de Compostela, Lope Gómez de Marzoa, funda o *Studium* de Gramática Latina no mosteiro bieito de San Paio de Antealtares, o chamado *Estudo Vello*. O impulso da familia Diego de Muros, xa nos albores do século XVI, consegue someter o Estudo á protección eclesiástica, permitindo a creación de cátedras de Dereito e Artes e, axiña, tamén de Dereito Canónico. Será pola decidida iniciativa do arcebispo Alonso III de Fonseca e Ulloa, humanista dotado das mellores características dun home do Renacemento, cando, coa fundación do Colexio de Santiago en 1521, se reforcen definitivamente os alicerces da actual institución académica. As primeiras Constitucións da Universidade de Santiago apróbanse en 1555.

No século XIX, a Universidade experimenta o seu maior desenvolvemento coa implantación de estudos científicos e de Humanidades acordes cos tempos, e coa inauguración en 1805 do seu edificio principal, hoxe Facultade de Xeografía e Historia. Da puxanza da Universidade na época falan fitos como o primeiro experimento eléctrico levado a cabo en España, que iluminou en 1851 esta mesma edificación grazas a un novidoso arco voltaico instalado polo científico Antonio Casares.

O ámbito universitario foi pioneiro na integración da muller en campos da sociedade, vedados durante séculos. As mulleres accederon á Universidade por primeira vez no curso 1913-1914, abrindo a porta a un proceso lento pero imparabile. A Universidade compostelá foi tamén lugar de intercambio de ideas para as xeracións de intelectuais que fixeron avanzar a sociedade galega nos tempos convulsos do século XX e na Transición, e que crearon, grazas en parte ao seu paso por estas aulas, algunhas das obras máis singulares da cultura galega.

A Universidade divide a súa oferta académica en dúas cidades históricas, Santiago de Compostela e Lugo, urbes en ambos os casos que se aproximan aos



100 000 habitantes. Compostela é Patrimonio da Humanidade desde 1985 e meta dos Camiños de Santiago, que atraen cada ano a milleiros de peregrinos de todo o mundo desde a descuberta dos restos do Apóstolo. Concentrado de todas as esencias de Galicia, Santiago é desde sempre o faro político, social e cultural da Comunidade. Pola súa banda, Lugo, a antiga Lucus Augusti romana, conserva intacta a muralla do século II e todo o carácter do interior galego.



Con cinco séculos de historia, non é estraño que a Universidade atesoure un patrimonio artístico dificilmente comparable con calquera outra institución galega. En conxunto, a Universidade esténdese a través dun millón de metros cadrados de infraestruturas, repartidas en preto dun centenar de edificios, moitos deles auténticas xoias arquitectónicas. Algúns dos situados en Compostela retratan un pasado brillante, como a mencionada Facultade de Xeografía e Historia; a severa Facultade de Medicina (1901); o pazo de San Xerome (con raíces no século xv), sede da reitoría en plena praza do Obradoiro; ou a de Filosofía, do xviii, a carón da antiga muralla da cidade. As novas instalacións tamén contan con deseños vangardistas, como os da Facultade de Ciencias da Comunicación en Compostela (1999), de Álvaro Siza; ou o moderno campus lucense.

Na actualidade cursan estudos na Universidade ao redor de 25 000 estudantes. En Lugo, o denominado Campus Terra concentra estudos do ámbito da sustentabilidade económica e medioambiental, con especialización no campo





agroalimentario, tan importante para a economía galega. En Compostela, pola súa banda, atópanse dous campus, o Norte e o Campus Vida, este último de excelencia internacional e centrado en ámbitos como a medicina e a biotecnoloxía.

Da vocación universal da Universidade fala a procedencia internacional dunha parte moi apreciable do alumnado. Arredor de 1500 matrículas corresponden a estudantes chegados doutros países, o que a converte nunha institución cosmopolita, aberta ao mundo e disposta a absorber e difundir coñecemento aos cinco continentes. Cada ano a Universidade envía ao exterior 400 mozos e mozas a través do programa Erasmus de intercambio universitario, e recibe un número moi similar procedente de 32 países.

A de Santiago é, así pois, unha universidade completa, con oferta docente na práctica totalidade dos saberes e decididamente enfocada a actuar como líder do progreso científico, económico e social. A investigación é un dos piares da institución, e dela saíron xa diversas iniciativas e empresas *spin off* que axudan a trasladar á economía real as achegas científicas acadadas.

A vida dentro da Universidade de Santiago non se reduce aos estudos e á investigación, senón que cada curso se propón un abano moi amplo de actividades que, ademais de ofertarse á comunidade universitaria, complementan a programación cultural (coro, teatro, ciclos musicais e literarios) e deportiva (natación, atletismo, tenis, hóckey) das cidades nas que está radicada.

A Universidade de Santiago de Compostela expresa tamén o seu respecto polo talento externo coa concesión de doutoramentos *honoris causa* a persoeiros dos máis diversos ámbitos, do científico ao político ou o cultural e artístico. Ata o momento preto de cen personalidades destes ámbitos foron recoñecidas con este título.

Con cincocentos anos de historia e decididamente impulsada ao futuro, a Universidade de Santiago conserva a vitalidade e a responsabilidade dunha institución fundamental para o progreso de Galicia e a mellora da sociedade.





# *Gaudeamus igitur*

Gaudeamus igitur,  
iuvenes dum sumus. (*bis*)  
Post iucundam iuventutem,  
post molestam senectutem,  
nos habebit humus. (*bis*)

Vivat academia,  
vivant professores. (*bis*)  
Vivat membrum quodlibet,  
vivant membra quaelibet,  
semper sint in flore. (*bis*)















Investiture of  
**Prof. Dr. Mary Beard**  
and **Prof. Dr. Ivo Castro**  
as Doctors *Honoris Causa*

31 March 2023

2023

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



# Academic Ceremony Guide

## Academic Retinue Procession

### Ceremony components

#### INVESTITURE OF PROF.<sup>a</sup> DR.<sup>a</sup> MARY BEARD

Proposal	Sponsor, Prof. Dr. Pedro López Barja de Quiroga
Doctoral speech	Prof. Dr. Mary Beard
<i>Laudatio</i>	Sponsor, Prof. Dr. Pedro López Barja de Quiroga
Concession	Rector
Delivery of the cloak, tassel, pin and book	Sponsor, Prof. Dr. Pedro López Barja de Quiroga
Oath taking	General Secretary
Medal award	Rector
Acknowledgements	Prof. Dr. Mary Beard

#### INVESTITURE OF PROF. DR. IVO CASTRO

Proposal	Sponsor, Prof. Dr. Henrique Monteagudo
Doctoral speech	Prof. Dr. Ivo Castro
<i>Laudatio</i>	Sponsor, Prof. Dr. Henrique Monteagudo
Concession	Rector
Delivery of the cloak, tassel, pin and book	Sponsor, Prof. Dr. Henrique Monteagudo
Oath taking	General Secretary
Medal award	Rector
Acknowledgements	Prof. Dr. Ivo Castro

### Speech by the Rector

*Gaudeamus igitur*

### Closing procession

### Reception







## Mary Beard



**MARY BEARD**, Cambridge Emerita Professor and Fellow of Newnham College, is one of the world's best known classicists, who, apart from teaching Classics at Cambridge University for almost 40 years, has done a great deal to make the subject more accessible to the wider public through her books, documentaries and media work, including her presence on social media – she is prolific on Twitter and has been writing an online blog, *A Don's Life*, since 2006, long before it became a popular medium for academic public engagement.

Born in the Shropshire village of Much Wenlock, the only child of a school teacher mother and architect father, Mary's interest in the ancient world was first piqued on a visit to the British Museum as a five year old. There she became fascinated by a carbonised piece of bread – so much so that the museum attendant took it out of the cabinet to show her. A seminal moment which not only fostered a passion for history, but also a love of museums – Mary is now a trustee of the British Museum. After completing her degree and PhD at Newnham College, Cambridge, Mary's first teaching job was at King's College London, before returning to Cambridge as a member of the Classics Faculty in 1983 (one of only a handful of women in those days), and progressed to become a Professor of Classics in 2004. Mary's early academic interest in Roman religion broadened into a pursuit of trying to understand social, cultural and political life in the ancient world – from those at the top to the ordinary citizen, who is often missing from the written record. Her book, the prize-winning *Pompeii – The Life of a Roman Town*, explores the evidence to show how lives were lived rather than focussing on the story of the eruption. Further books on the Colosseum and the Parthenon also sought to include the stories of everyday life. *SPQR – A History of Ancient Rome*, published in 2015, became an instant hit and continues to be a best-seller. Published in dozens of languages it made Mary a household name and increased demand for her to give talks across the globe. It was followed by the critically-acclaimed *Women & Power: A Manifesto*,



which started out as a lecture in which Mary explored the silencing of women over two millennia and which spoke to a new generation of women when she wrote, “You cannot easily fit women into a structure that is already coded as male; you have to change the structure.”

Mary has always maintained her academic research alongside her more accessible works and has given many prestigious international lectures including the Sather series at the University of California Berkeley, the Mellon lectures at the National Gallery in Washington and the Isaiah Berlin Lecture at the British Academy, where she is a Fellow. Other accolades include recognition by the American Academy and the American Philosophical Society as well as having been awarded the prestigious Getty Medal, and of course the Princess of Asturias award for Social Sciences here in Spain in 2016. In addition Mary was awarded an OBE in Queen Elizabeth II's honours of 2013, followed a few years later by being made a Dame for her services to classical scholarship. Most recently Mary was awarded the honour, dating back to medieval times, of the *Freedom of the City of London*, which is a largely ceremonial honour, but does allow her to take her sheep over London Bridge, should she so wish!

Alongside her prodigious output of written work, Mary has also managed to forge a successful media career. She has made several documentaries on the ancient world including the highly-successful BBC series, *Meet the Romans* and *Rome – Empire without limit*, as well as programmes exploring the lives of Caligula and Julius Caesar. She hosted the BBC arts show *Inside Culture* for several years, including during lockdown when she had to expand her skills to include camera-work, lighting and editing! She explored the boundaries of art throughout history in two highly-acclaimed documentaries, *Forbidden Art* and was a presenter for the landmark BBC television series *Civilisations*, for which she also wrote an accompanying book. Mary regularly appears as a commentator on various television and radio programmes across a range of subjects from history to art to politics and she has also been the Classics editor of the *Times Literary Supplement* for many years. Central to Mary's approach to history is that far from being a rigid discipline, “one of the great things about history is that it sort of isn't a done deal – ever. The historical texts and the historical evidence that you use is always somehow giving you different answers because you're asking it different questions.” Some of those different questions will be addressed in Mary's new book, *Emperor of Rome*, to be published in the autumn.



## Pedro López Barja



**PEDRO LÓPEZ BARJA DE QUIROGA** was once tempted to become a teacher of Spanish literature at secondary school, but the truth is that it was in his adolescence that his vocation for history arose. He graduated in Geography and History, specialising in Ancient History, at Universidad Complutense in Madrid and there he also presented his doctoral thesis (1989), which dealt with what was to become one of the main themes of his academic career: Roman slavery, with special emphasis on the fascinating information provided by the inscriptions of Ostia, the port of Rome. Later, in 1991, he moved to Compostela, where he reorientated his research to study ancient political thought, notably the Roman thought of the Late Republic, centred on Cicero. At USC he first became a full teacher (1994) and then a professor (2022).

Slavery is the subject of his 2008 monograph, *Historia de la manumisión en Roma. De los orígenes a los Severos*, in which legal documentation plays an important role, and which, on account of its separation into areas of knowledge, has traditionally been postponed by historians in order not to disturb the reserved space of Romanists. In the second line of research, ancient political thought, is *Imperio legítimo. El pensamiento político romano en tiempos de Cicerón*, which shows how the discussion on the ownership and management of public revenues was approached, a key discussion in the crisis process that gave rise to the principality of Augustus. The two most recent works deal with the late republic: *Julio César. Muerte de una república* (2020), written in collaboration, which is a biography of the dictator, and *Entre tiranos. La guerra civil de César* (2021), a study of the civil war from the perspective of one of its protagonists, that is, the immediate and vivid account that Cicero's letters hold.

He carried out research stays in Oxford (Wolfson College), during the turbulent months of the Iraq war, and in London (University College), the latter during the Brexit referendum. Historians always write from the present, in



an imperfect dialogue with a more or less distant past. Aware that historians should not speak only to their scientific colleagues, he has collaborated in journals aimed at the general public and has written two university textbooks: *Epigrafía latina* (1993) and, in co-authorship, *Historia de Roma* (2004), in addition to a simplified version of the latter for a podcast format. He has held several positions at the Universidade de Santiago de Compostela, including coordinator of the master's degree in Archaeology and Antiquity Sciences and of the research group Síncrisis. Research in cultural ways. It is in this intersection between a social scientific historian, who analyses, reports and measures, and a humanist, who describes thoughts and emotions, where he will spend the next few years of his academic life.







UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

USU

UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

USUC

UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

## Ivo Castro



**Ivo CASTRO** was born in Lisbon in 1945. His professional life took place entirely at the Faculty of Humanities of the University of Lisbon, where he studied, was educated and taught for 44 years, and even four years longer after his retirement in 2013. He graduated in Romance Philology in 1969, got his PhD in Portuguese Linguistics in 1984 and passed the Aggregation tests in 1993. Employed as an assistant in 1969, he was successively assistant professor, head professor and emeritus professor. He has also been a guest professor at the Universidade Federal do Rio de Janeiro and at the universities of Macau, Santiago de Compostela and Trier. He is also a corresponding academic of the Finnish Academy of Sciences and Arts, the *Real Academia Galega* and the *Academia Maranhense de Letras*.

He started his career teaching General Linguistics and Portuguese Language for Foreigners. From 1974 he attended the *École Pratique des Hautes Études* in Paris in preparation for his doctorate and started to focus on subjects of a philolinguistic nature. Thus, he promoted the differentiated specialization – both conceptual and applied to teaching, research and publication – of Historical Linguistics and Textual Criticism, reflected in the curricular structure of courses, in the orientation of dissertations and in the formulation of research projects.

On the one hand, in 1974 he created the Chair of History of the Portuguese Language, which he managed for many years, along with other chairs and seminars with a diachronic profile, both at undergraduate and postgraduate levels. On the other hand, at a postgraduate level, he created a specialization course for Editorial Technicians, later replicated in other universities, which was later continued with the establishment of the Course in Textual Criticism (MA and PhD) at the Faculty of Humanities of the University of Lisbon, which seeks to combine editorial practices with the insight of an autonomous discipline devoted to the production and reproduction of written and graphic texts. In this diversified framework, he has supervised half a century of dissertations, half of them doctoral dissertations,





in the same faculty and in other schools. Besides dedicating several specific works to Galician and its relation with Portuguese (for instance, *Galegos e mouros: a língua galega vista pelos filólogos portugueses*), Ivo Castro was a determined and efficient facilitator of Galician-Portuguese academic contacts.

At the University of Lisbon he has held, among others, the posts of Director of the Chair of Galician Studies, Director of the Library of the Faculty of Humanities, President of the Department of General and Romance Linguistics, Director of the Centre of Linguistics, Director of the Department of Language Sciences and President of the Board of the Faculty of Humanities. He has also held other relevant responsibilities, such as Adviser to the Bureau of the *Société de Linguistique Romane*, Member of the Consulting Council of the *Instituto Camões*, Consultant of the *Instituto Camões* at the summits of the Community of Portuguese Speaking Countries in Lisbon (2008) and Brasilia (2010), and President of the organizing committee of the II International Conference on the Future of the Portuguese Language in the World System (2013). Furthermore, since 1997 he has been a member of the Conselho Editorial da Imprensa Nacional-Casa da Moeda, the State Publishing House of Portugal. Within the scope of the transmission of knowledge, it is worth mentioning the commissioning, alone or in collaboration, of several important exhibitions, such as the one entitled “O Tempo da Língua” (2001), the first version of the permanent exhibition of the renowned Museu da Língua Portuguesa (São Paulo, 2006), or “Lusa, a matriz portuguesa” (Rio de Janeiro, Brasília, São Paulo, 2008).

His works are mostly part of his two main research lines, the history of the Portuguese language and text editing, to which language policy could be added, with such significant titles as *A demanda da ortografia portuguesa* (1987) or *Proposta de convenção ortográfica Mirandesa* (1995). His most widespread works are: *Curso de História da Língua Portuguesa* (1991) and *Introdução à História do Português* (2004, 2006, with translations into Italian and Spanish). However, the publication of Portuguese texts from all periods has been his most constant dedication. A large part of the thirty books and the 130 articles and chapters he has published, not to mention the digital editions and the virtual presentations, correspond to this field. In the framework of medieval studies, the attention to the “matter of Brittany” stands out, with works such as the study of the *Book of Joseph of Arimathea*, subject of his doctoral thesis. However, over time, he has focused his interests on contemporary texts by authors such as the philologist José Leite de Vasconcellos and the narrator Camilo Castelo Branco. The peak of his curriculum is the direction of the critical edition of Fernando Pessoa's work, to which he has devoted four decades.



## Henrique Monteagudo



**HENRIQUE MONTEAGUDO** is a professor of Galician and Portuguese Philology at the University of Santiago de Compostela, researcher at the Instituto da Lingua Galega, director of the journal *Grial*, coordinator of the Seminario de Sociolingüística of the Real Academia Galega and vice secretary of the same. He has been assistant professor at the University of Birmingham (UK) and guest professor at the universities of Coimbra, Lisbon (UL), City University of New York (CUNY), University of California Santa Barbara (UC-SB), São Paulo (USP), Federal Fluminense (UFF), Buenos Aires (UB) and Universidad de la República (Montevideo). He has been secretary of the Consello da Cultura Galega and of the Real Academia Galega, member of the editorial board of *Estudos de Lingüística Galega* and external researcher at the Centro de Estudos de Linguística Geral e Românica da Universidade de Coimbra. He is a member of the editorial board of the *Boletín da Real Academia Galega*, of the advisory board of the Brazilian publishing house *Parábola* and of the scientific committee of several publications.

In his researches he has covered topics on language history and sociolinguistics and has edited texts from different periods. He published the monographs *Historia social da lingua galega*; *Letras primeiras. O foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito* and *O idioma galego baixo o franquismo: da resistencia á normalización*. He directed the project *O proceso de normalización do idioma galego, 1980-2000* (3 volumes), and the studies *A(s) lingua(s) a debate*; *Lingua e sociedade en Galicia. A evolución sociolingüística 1992-2013*; *Mapa sociolingüístico escolar de Ames* and *Prácticas lingüísticas na infancia: a xestión lingüística nos primeiros contextos de socialización*.

He is (co-)editor of the volumes *Estudos de sociolingüística galega*; *Norma lingüística e variación*; *Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade*; *Galego e português brasileiro: história, variação e mudança*; *Linguas, sociedade e política*.



*Un debate multidisciplinar; Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias; Ao sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro; No tempo das Irmandades: fala, escrita e prelos; Lingüística galega. A contribución del Instituto da Lingua Galega (LaborHistórico); Medieval Galicia: Beyond the “Camiño” (Journal of Medieval Iberian Studies) and most of the collection De Roma ata Lixboa. Estudos sobre os cancioneiros galego-portugueses, by Elsa Gonçalves.*

He is also the director of the project “Obras de Martín Sarmiento”, responsible for its web space, co-author of the *Guía de fondos* by this author and editor of *Catálogo de algunos libros curiosos y selectos* and the treatise *De historia natural y todo género de erudición. Obra de 660 pliegos* (5 volumes). As text editor, he published the *Cantigas* by Martín Codax, the facsimile of the Toledo codex of *Cantigas de Santa María* by Alfonso O Sabio, the critical editions of *Follas novas* and of *Autógrafos poéticos* by Rosalía de Castro, and *Sempre en Galiza* and *Cadernos. Escolma* (1938-1948) by Castelao, whose *Obras* (6 volumes) he also coordinated. In addition, he published Ramón Otero Pedrayo's *A romaría de Xelmírez* and Ramón Piñeiro's *A linguaxe e as linguas*, besides the collections *O espertar da conciencia galega. Galeguismo, culture and identity*, of the latter, and *O expreso da literatura e outros ensaios*, by Carlos Casares.











## Tradition and trendiness

The University of Santiago de Compostela projects its 500-year history into the future. Sinking its roots in Renaissance Europe, it has striven to evolve over this time and become one of the institutions conforming Galician identity. At the beginning of the 21<sup>st</sup> century, this University has been recognized internationally for its contributions to the dissemination of knowledge and research in such fields as medicine, biotechnology, humanities and scientific innovation.

The roots of this University go back to the closing of the 15<sup>th</sup> century precisely when the revolutionary technology of the printing press was rapidly spreading across Europe. In 1495, a headmaster in Compostela, Lope Gómez de Marzoa, founds the Studium of Latin Grammar in the monastery of San Pelaio de Antealtares, the so-called Old Study. At the dawn of the 16<sup>th</sup> century, the Diego de Muros family manages to get the ecclesiastical authorities to back the Study, allowing for the establishment of chairs in both Law and Humanities and, soon afterwards, Canonical Law. Archbishop Alonso III de Fonseca e Ulloa, a humanist in the fullest sense of the Renaissance, undertakes the founding of the Colexio de Santiago in 1521, reinforcing once and for all the pillars of the present-day academic institution. The first Constitution of the University of Santiago is approved in 1555.

In the 19<sup>th</sup> century, the University undergoes its greatest transformation by incorporating scientific and humanistic fields of study in keeping with the times, along with inaugurating its main building in 1805: the present-day Faculty of Geography and History. Milestones such as the first electrical experiment undertaken in Spain –illuminating this very building in 1851 thanks to a novel electric arc installed by the scientist Antonio Casares– speaks of the vigorous spirit of the University at that time.

Under the groundbreaking auspices of the university, women gained access to fields within society which they had been barred from for centuries. Women first entered this University in 1913, crossing the threshold in a slow but unrelenting process. The Compostelan University was also a place for fostering new ideas for generations of intellectuals, forging new roads for Galician society of the turbulent times of the 20<sup>th</sup> century and during the Spanish transition, and which gave rise to some of the most outstanding works of Galician culture, some of whose creators were alumni.

The University is divided between two historical cities, Santiago de Compostela and Lugo, both of about 100,000 inhabitants. Compostela has been





a World Heritage Site since 1985 and is the final goal for the different Camiños of Santiago, bringing millions of pilgrims from all over the world since the discovery of the Apostle's remains. Representative of the essence of Galicia, Santiago has always been the political, social and cultural beacon of the Community. On the other hand, Lugo, the ancient Roman Lucus Augusti, preserves intact the Roman wall of the 2<sup>nd</sup> century and all of the character of inland Galicia.



With five centuries of history behind it, it is no surprise that the University has amassed an artistic heritage unmatched with almost any other Galician institution. All in all, the University's facilities cover over a million square metres with close to 100 buildings, many of which are authentic architectural jewels. Some of these in Compostela recall a brilliant past such as the abovementioned Faculty of Geography and History; the Faculty of Medicine (1901); the San Xerome mansion (rooted in the 15<sup>th</sup> century), the premises of the Rector; or the Faculty of Philosophy, 18<sup>th</sup> century, bordering the old wall of the city. More recent facilities include vanguard designs such as the Faculty of Communication Sciences in Compostela (1999), by Álvaro Siza, or the modern campus of Lugo.

At present, about 25,000 students are studying at the University. In Lugo, the Campus Terra is home to fields of study in economic sustainability and the environment, with a special focus on the field of the agri-food sector, of such importance in the Galician economy. On the other hand, Compostela has two



campuses: North Campus and Campus Vida (Life), the latter being International Excellence focusing on the fields of medicine and biotechnology.

The international provenance of a significant part of its student body speaks for the universal vocation of this University. Approximately 1,500 students from other countries are presently registered, making this a cosmopolitan institution, open to the world and willing to absorb and disseminate knowledge world-wide. Each year, this University sends 400 students abroad through the university exchange program Erasmus and receives a similar number from 32 other countries.

The University in Santiago is, therefore, comprehensive inasmuch as offering studies in practically all fields of knowledge and firmly committed to forging ahead as a leader of scientific, economic and social progress. Research is one of the pillars of our institution fostering many diverse initiatives and spin-off companies which transmit the latest scientific contributions to the real economy.

Life within the University of Santiago is not just studies and research alone; each year a wide range of activities are programmed which are not limited to the university community itself, enhancing the cultural (choirs, theater, concerts, literary readings) and sporting (swimming, field and track, tennis, field hockey) programs of both of its home cities.

The University of Santiago de Compostela also expresses its respect for external talent by awarding doctoral *Honoris Causa* to renowned figures from the most diverse fields, from natural sciences to social sciences to literature to the arts. Nearly one hundred prominent persons have been awarded this title so far.

With over 500 years of history and determined to strive forward, the University of Santiago preserves its vitality and the responsibility of an essential institution for the progress of Galicia and the betterment of society.







# *Gaudeamus igitur*

Gaudeamus igitur,  
iuvenes dum sumus. (*bis*)  
Post iucundam iuventutem,  
post molestam senectutem,  
nos habebit humus. (*bis*)

Vivat academia,  
vivant professores. (*bis*)  
Vivat membrum quodlibet,  
vivant membra quaelibet,  
semper sint in flore. (*bis*)

